



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO

DEPARTAMENTO MATERIAS TEÓRICAS

MATERIA: HISTORIA DA DANZA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Criterios de avaliación e cualificación tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles identificadas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

MÍNIMOS ESIXIBLES

2. Procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.

3. Procedementos de avaliación e adaptacións metodolóxicas terceiro trimestre.

4. Proba extraordinaria de setembro e recuperación de materias pendentes.

5. Información e publicidade.



HISTORIA DA DANZA

CURSO: 5ºGP

1. Criterios de avaliación e cualificación tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles identificadas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>10%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>Coñecer os conceptos de danza dende a prehistoria ata o século XIX.</p> <p><i>Este criterio de avaliación pretende comprobar o nivel de comprensión do alumnado relativo á evolución, a través da historia occidental, dos conceptos que caracterizaron a danza e o baile dentro destas datas.</i></p> <p>Establecer esquematicamente os grandes períodos da historia da danza: formas, estilos e elementos coreográficos, dende a antigüidade ata principios do S. XX.</p> <p><i>Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade do alumnado para establecer as liñas xerais dos orixes da danzas ata principios do S. XIX, así como as principais formas, os estilos e os elementos coreográficos que evolucionarán paralelamente ás formas musicais.</i></p> <p>Abicar as principais personalidades dancísticas na súa época correspondente. Identificar aos creadores, os transmisores e os intérpretes ata finais do século XIX.</p> <p><i>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno asimilou os conceptos relativos a evolución histórica da danza, e que é capaz de relacionar as principais figuras dancísticas coa época correspondente e o legado deixado por elas.</i></p> <p>Expresar xuízos persoais mediante un análises estético o un comentario crítico a partir do visionado dunha obra determinada, considerando aspectos</p>	<p>90%</p>



técnicos, expresivos e interpretativos, empregando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.

Este criterio trata de avaliar a capacidade para, a partir dos seus coñecementos, realizar desde una perspectiva persoal una valoración estética dunha peza concreta, ou dunha interpretación da mesma, e o dominio do vocabulario e da terminoloxía aplicados á danza.

Situar cronoloxicamente unha obra, ou comparar obras de similares características, representativas sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

Mediante este criterio de avaliación preténdese comprobar se identifican e sitúan cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da danza, así como se coñecen as principais características dos estilos, os xéneros e se distinguen as diferencias existentes entre varias obras.

MÍNIMOS ESIXIBLES

-Coñecer os conceptos básicos da danza dende o Renacemento ata principios do século XX

Este criterio de avaliación pretende comprobar o nivel de comprensión do alumnado relativo á evolución, a través da historia occidental, dos conceptos que caracterizaron a danza e o baile dentro destas datas.

-Establecer esquematicamente os grandes períodos da historia da danza: formas, estilos e elementos coreográficos, dende a antigüidade ata principios do século XX.

Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade do alumnado para establecer as liñas xerais dos orixes da danzas ata principios do século XX así como as principais formas, os estilos e os elementos coreográficos que evolucionarán paralelamente ás formas musicais.

-Abicar as principais personalidades dancísticas na súa época correspondente: (Balthasar de Beaujojeux, Luis XIV, Noverre, Carlo Blasis, August Bournonville, Filippo Taglioni, e Marius Petipa, Serge Diaguilev)

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno asimilou os conceptos relativos a evolución histórica da danza, e que é capaz de relacionar as principais figuras dancísticas coa época correspondente e o legado deixado por elas.



MATERIA: HISTORIA DA DANZA

CURSO: 6ºGP

1. Criterios de avaliación e cualificación tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles identificadas.

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>10%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p><i>1.Coñecer e apreciar as relacións entre a danza e as demais artes.</i> <i>Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade do alumnado para apreciar a danza como un fenómeno poliédrico, situala dentro do contexto xeral das artes e da historia, así como establecer as súas relación coas artes que tratan o volume e a imaxe -a arquitectura, a escultura e a pintura-, o ritmo e o son -a música- e a linguaxe -a literatura-.</i></p> <p><i>2.Identificar aos creadores, os transmisores e os intérpretes do Século XX</i> <i>Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade de comprensión e relación do alumnado sobre a decisiva importancia do factor humano no progreso e no mantemento da danza, materializado no constante fluxo de información coreográfica por Europa e América a través de mestres, coreógrafos e intérpretes.</i></p> <p><i>3.Identificar, a través do visionado, obras de diferentes épocas, estéticas ou estilísticas e describir os seus rasgos máis característicos e a súa pertenza a un período histórico.</i> <i>Este criterio evalúa a capacidade para captar o carácter, o xénero, as características estéticas e os rasgos estilísticos máis importantes das obras propostas.</i></p> <p><i>4.Expresar xuízos persoais mediante un análises estético o un comentario crítico a partir do visionado dunha obra determinada, ou dun texto escrito, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, empregando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.</i></p>	<p>90%</p>



Este criterio trata de avaliar la capacidade para, a partir dos seus coñecementos, realizar desde una perspectiva persoal una valoración estética dunha peza concreta, ou dunha interpretación da mesma, ou dun texto ,e o dominio do vocabulario e da terminoloxía aplicados á danza.

5.Situar cronoloxicamente unha obra, ou comparar obras de similares características, representativas sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

Mediante este criterio de avaliación preténdese comprobar si se identifican e sitúan cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da danza, así como se coñecen as principais características dos estilos, os xéneros e se distinguen as diferenzas existentes entre varias obras.

6.Identificar aos creadores españois e as súas principais obras, así como a evolución da danza en España.

Este criterio trata de avaliar a capacidade para diferenciar as manifestacións artísticas xurdidas en España e comparalas coas creacións doutros países.

MÍNIMOS ESIXIBLES

-Coñecer e apreciar as relacións entre a danza e as demais artes.

Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade do alumnado para apreciar a danza como un fenómeno poliédrico, situala dentro do contexto xeral das artes e da historia, así como establecer as súas relacións coas artes que tratan o volume e a imaxe -a arquitectura, a escultura e a pintura-, o ritmo e o son -a música- e a linguaxe -a literatura-.

-Identificar aos creadores, os transmisores e os intérpretes do Século XX , Martha Graham, Merce Cunningham, Roland Petit e Maurice Béjart, Frederick Ashton e Kenneth Mc Millan, Mary Wigman, Georges Balanchine)

Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade de comprensión e relación do alumnado sobre a decisiva importancia do factor humano no progreso e no mantemento da danza, materializado no constante fluxo de información coreográfica por Europa e América a través de mestres, coreógrafos e intérpretes.



-Expresar xuízos persoais mediante unha análise estética ou un comentario crítico a partir do visionado dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, empregando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.

Este criterio trata de avaliar a capacidade para, a partir dos seus coñecementos, realizar desde una perspectiva persoal una valoración estética dunha peza concreta, ou dunha interpretación da mesma, e o dominio do vocabulario e da terminoloxía aplicados á danza.

-Identificar aos creadores españois e as súas principais obras, así como a evolución da danza en España. (Nacho Duato, Victor Ullate, María de Ávila, Compañía Nacional de Danza, e Ballet Nacional de España).

Este criterio trata de avaliar a capacidade para diferenciar as manifestacións artísticas xurdidas en España e comparalas coas creacións doutros países.

2. Procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.

A avaliación realizarase en función das avaliacións previas e da avaliación das actividades teóricas desenvolvidas polo alumno durante o terceiro trimestre. Estas últimas poderán sumarse ás súas cualificacións anteriores. En ningún caso as avaliacións das actividades do terceiro trimestre poderán minorar as cualificacións anteriores do alumnado.

Trátase dunha materia baseada nun proceso de evolución progresivo e continuo, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado durante o primeiro e segundo trimestre non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración persoal desde o comezo do curso académico. O cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento: tomaranse como referencia as aprendizaxes realizadas durante o primeiro e segundo trimestre valoradas tendo en conta os criterios de avaliación establecidos no punto 1 da presente modificación da programación e poderá incrementarse en 1 punto en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma.

Non sería necesario acadar o 50% en cada unha das partes para sumar os apartados e ademais os datos obtidos durante o terceiro trimestre soamente poden ser tidos en conta en positivo, nunca minorando as cualificacións anteriores.



3.Procedementos de avaliación e adaptacións metodolóxicas terceiro trimestre.

Durante o terceiro trimestre procuramos a atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, de modo non presencial.

Co obxectivo de ampliar as materias impartidas, có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes

AVALIACIÓN 2019/2020		GRAO PROFESIONAL
ACTITUDE e OBSERVACIÓN DIARIA tanto na clase coma no recinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.	10% (1º e 2º trimestre)
ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOSTEÓRICOS , a través de probas escritas ou orais ou dun traballo ou fichas.	Aprendizaxe dos contidos de forma teórica e comprensión e interiorización dos mesmos, (tanto vocabulario técnico coma os contidos teóricos de ballets, coreógrafos, bailaríns...)	90% (1º, 2º e 3º trimestre sumativo)

realizadas dende declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, e co obxectivo de beneficiar ao alumnado (nunca minorando a cualificación) realizáronse as seguintes **ACTIVIDADES**:

- Actividade de investigación , traballos teóricos
- Formularios e actividades on line.

A comunicación levouse a cabo a través de CentrosNet, correo electrónico, Aula Virtual CDAN Lugo e teléfono móbil.

O profesorado informa por escrito a través de CentrosNet , correo electrónico ou teléfono da concreción das actividades e probas de avaliación intentando favorecer dentro das nosas posibilidades a súa realización pola maior parte do alumnado.

As avaliacións das actividades do terceiro trimestre poderán mellorar as cualificación anteriores do alumando



4. Proba extraordinaria de setembro e recuperación de materias pendentes.

A proba extraordinaria consistirá na realización dunha única proba de carácter teórico-práctico. Os instrumentos de avaliación poderán adaptarse as eventualidades que puidesen xurdir por mor da crise sanitaria.

CRITERIOS PROBA EXTRAORDINARIA:

Seguiranse os criterios de avaliación citados para a convocatoria de xuño.

MATERIA e CURSO	ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS 100%
HISTORIA 5º e 6º GP	- Superar unha proba teórica

As programacións didácticas do curso académico 2020-2021 incorporarán aqueles obxectivos e contidos que non se puideron abordar neste curso escolar, ben na mesma materia se forma parte do curso seguinte, ben noutras materias.

A recuperación de materias pendentes farase nas clases do curso seguinte. Partindo desta premisa, cualificarase ao alumnado en base ao referido no apartado 1 da modificación da presente programación.

5. Información e publicidade.

A principal vía de comunicación co alumnado e familias será a plataforma “centrosnet” tendo en conta que é o mecanismo oficial e o medio empregado maioritariamente.

Empregarase igualmente a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento continuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de correo electrónico/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepción das programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web co fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.